

PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA LOMLOE

Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
15027411	IES de Cacheiras	Teo	2024/2025

Área/materia/ámbito

Ensinanza	Nome da área/materia/ámbito	Curso	Sesións semanais	Sesións anuais
Educación secundaria obrigatoria	Lingua galega e literatura	3º ESO	3	105

Réxime

Réxime xeral-ordinario

Contido	Páxina
1. Introducción	3
2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias	3
3.1. Relación de unidades didácticas	5
3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas	6
4.1. Concrecións metodolóxicas	18
4.2. Materiais e recursos didácticos	19
5.1. Procedemento para a avaliación inicial	20
5.2. Criterios de cualificación e recuperación	20
5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes	21
6. Medidas de atención á diversidade	22
7.1. Concreción dos elementos transversais	22
7.2. Actividades complementarias	23
8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a práctica docente cos seus indicadores de logro	23
8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora	24
9. Outros apartados	24

1. Introducción

O IES de Cacheiras está situado en Cacheiras, parroquia de San Simón de Ons, pertencente ao concello de Teo que ten algo menos de 19 000 habitantes e está en pleno proceso de transición dunha configuración rural e agraria a outra urbana e dedicada sobre todo ao sector servizos. O alumnado procede de tres centros adscritos: CEIP de Calo, CEIP da Ramallosa e CEIP dos Tilos e reside, maiormente, no medio rural e en pequenas urbanizacións asentadas nel. Maioritariamente xa non ten o galego como lingua habitual, sendo cada vez máis residual o número de alumnas e alumnos que son galegofalantes, ao tempo que aumentan os que teñen importantes problemas para expresarse en lingua galega.

Este centro ofrece ensinanzas de ESO e mais de Bacharelato. En canto ás infraestruturas, dispón de biblioteca, salón de actos, dúas aulas de informática, unha aula audiovisual, tres laboratorios, cinco aulas de desdobres, dúas aulas de apoio, cafetería, instalacións deportivas exteriores, ximnasio e mais encerados dixitais e equipos informáticos en todas as aulas e tamén para todo o alumnado de ESO debido á participación en E-Dixgal. En xeral os espazos son reducidos tanto para o número de alumnado total (arredor de 680) como por aula. O equipo docente do IES de Cacheiras para este curso está formado por 65 persoas.

En 3º de ESO hai matriculadas 119 persoas distribuídas en 5 grupos de 23-25, agás 3ºD que conta con 15 porque ten asociado un PDC con 10. Da docencia da materia de Lingua galega e literatura neste nivel encárgase a profesora Rosa Salgueiro. Ademais, hai 5 alumnos de 4º coa materia pendente de 3º.

A finalidade da materia de Lingua Galega e Literatura na educación secundaria obrigatoria orientase tanto á eficacia comunicativa como a favorecer un uso ético da linguaxe que poña as palabras ao servizo da convivencia democrática, a resolución dialogada dos conflitos e a construción de vínculos persoais e sociais baseados no respecto e na igualdade de dereitos de todas as persoas. Desta maneira, contribúe ao desenvolvemento de todas as competencias recollidas no perfil de saída do alumnado ao remate do ensino básico. O currículo da materia de Lingua Galega e Literatura de ESO establece, ademais de obxectivos, os criterios de avaliación e os contidos que se deben abordar no nivel. Aparecen distribuídos en catro bloques. O primeiro, «As linguas e os seus falantes» incide no recoñecemento da diversidade lingüística do alumnado, de Galicia, da Península Ibérica e do mundo, en especial do ámbito lusófono. O segundo bloque, «Comunicación», integra os contidos implicados na comunicación oral e escrita e na alfabetización mediática e informacional. O terceiro bloque, «Educación literaria», recolle as experiencias e os contidos necesarios para consolidar o hábito lector, conformar a propia identidade lectora e desenvolver habilidades de interpretación de textos literarios. O cuarto bloque, «Reflexión sobre a lingua», propón a construción guiada de conclusións sobre o sistema lingüístico usando unha metalinguaxe específica.

Nesta proposta didáctica de 3º de ESO os catro bloques concréntanse en 6 unidades didácticas, tres transversais e tres secuenciais. As unidades transversais están dedicadas á lectura, a expresión e a produción escrita, mentres que nas secuenciais (unha por avaliación) abóndanse contidos dos catro bloques de carácter máis teórico así como a comprensión e análise da información contida en textos de diversas tipoloxías, ademais da literatura medieval e do século XIX.

2. Obxectivos e súa contribución ao desenvolvemento das competencias

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX1 - Describir e apreciar a diversidade lingüística da Península Ibérica e do mundo, analizar a orixe e o desenvolvemento sociohistórico das súas linguas (e, máis concretamente, do portugués, catalán e éuscaro) e as características dialectais do galego para favorecer a reflexión interlingüística, combater os estereotipos e prexuízos, valorar a diversidade e crear vínculos socioafectivos coa lingua galega.	1-5	2-3				1-2		1-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX2 - Comprender e interpretar textos orais e multimodais recollendo o sentido xeral e a información máis relevante, identificando o punto de vista e a intención do emisor e valorando a súa fiabilidade, a súa forma e o seu contido, para construír coñecemento, formar opinión e ampliar as posibilidades de gozo e de lecer.	2	2	1	2-3	4	3		
OBX3 - Producir textos orais e multimodais con coherencia e fluidez e co rexistro adecuado, atendendo ás convencións propias dos diferentes xéneros discursivos, e participar en interaccións orais con actitude cooperativa e respectuosa, tanto para construír coñecemento e establecer vínculos persoais como para intervir de maneira activa e informada en diferentes contextos sociais.	1-3-5	2	1	2-3		2	1	
OBX4 - Comprender, interpretar e valorar textos escritos, con sentido crítico e diferentes propósitos de lectura, recoñecendo o sentido global e as ideas principais e secundarias, identificando a intención do emisor, reflexionando sobre o contido e a forma, avaliando a súa calidade e fiabilidade para dar resposta ás necesidades e aos intereses comunicativos diversos e para construír coñecemento.	2-3-5	2	4	1	4	3		
OBX5 - Producir textos escritos e multimodais coherentes, cohesionados, adecuados e correctos atendendo ás convencións propias do xénero discursivo elixido, para construír coñecemento e para dar resposta de maneira informada, eficaz e creativa a demandas comunicativas concretas.	1-3-5		1	2-3	5	2		
OBX6 - Seleccionar e contrastar información procedente de diferentes fontes de maneira progresivamente autónoma, avaliando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura e evitando os riscos de manipulación e desinformación, e integrala e transformala en coñecemento para comunicala desde un punto de vista crítico e persoal e, ao mesmo tempo, respectuoso coa propiedade intelectual.	3			1-2-3-4	4	2	3	
OBX7 - Seleccionar e ler de maneira autónoma obras diversas como fonte de pracer e coñecemento, configurando un itinerario lector que evolucione en canto á diversidade, complexidade e calidade das obras, e compartir experiencias de lectura para construír a propia identidade lectora e para gozar da dimensión social e cultural da lectura.	1-4			3	1			1-2-3

Obxectivos	CCL	CP	STEM	CD	CPSAA	CC	CE	CCEC
OBX8 - Ler, interpretar e valorar obras ou fragmentos literarios do patrimonio galego, portugués e universal, utilizando unha metalinguaxe específica e mobilizando a experiencia biográfica e os coñecementos literarios e culturais que permitan establecer vínculos entre textos diversos e con outras manifestacións artísticas, para conformar un mapa cultural, ampliar as posibilidades de gozo da literatura e crear textos de intención literaria.	1-4					1		1-2-3-4
OBX9 - Mobilizar o coñecemento sobre a estrutura da lingua e os seus usos e reflexionar de maneira progresivamente autónoma sobre as eleccións lingüísticas e discursivas, coa terminoloxía axeitada, para desenvolver a conciencia lingüística, aumentar o repertorio comunicativo e mellorar as destrezas tanto de produción oral e escrita como de recepción crítica.	1-2	2	1-2		5			
OBX10 - Pór as propias prácticas comunicativas ao servizo da convivencia democrática, da resolución dialogada dos conflitos e da igualdade de dereitos de todas as persoas, utilizando unha linguaxe non discriminatoria e desterrando os abusos a través da palabra para favorecer un uso non só eficaz, senón tamén ético e democrático, da linguaxe.	1-5	3		3	3	1-2-3		

Descrición:
3.1. Relación de unidades didácticas

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
1	Eu tamén navegar: lemos e opinamos	Esta unidade está dedicada á lectura dun libro por avaliación que se escollerá dunha lista fornecida pola profesora, agás no 3º trimestre, no que se realizará unha lectura dramatizada de A illa amarela. Tras a lectura o alumnado deberá abordar distintas tarefas orais e/ou escritas sobre o lido.	10	10	X	X	X
2	Falando enténdese a xente: expresión oral	Engloba a oralidade espontánea ou semiplanificada mediante un espazo semanal para practicar o uso oral da lingua ("Hoxe falo eu") xunto con tarefas de expresión oral planificada, individuais ou	15	22	X	X	X

UD	Título	Descrición	% Peso materia	Nº sesións	1º trim.	2º trim.	3º trim.
2	Falando enténdese a xente: expresión oral	grupais, como un videotutorial, a gravación dunha entrevista ou reportaxe ou unha exposición sobre un tema de interese persoal ou académico.	15	22	X	X	X
3	Aprendemos, planificamos, escribimos	Producións textuais diversas, individuais ou en grupo, a partir de modelos previos e con consulta de fontes diversas sobre distintos temas de actualidade ou do currículo, presentadas en distintos formatos (esquemas, reelaboración dunha cantiga medieval, microrrelato, crónica, textos expositivos, análise de textos literarios...)	15	20	X	X	X
4	A lingua a exame (1)	Revisaremos a ortografía e a acentuación, así como a distinción das clases de palabras. Afondaremos no verbo, ademais de comezar a sistematizar a definición de termos e ampliar vocabulario. Aprenderemos a orixe do galego e a súa situación na Idade Media, así como a lírica medieval, para o que nos serviremos de esquemas e mapas conceptuais.	20	22	X		
5	A lingua a exame (2)	Revisaremos o xénero e o número, afondaremos nos pronomes persoais e nas relacións semánticas ademais de seguir ampliando vocabulario. Coñeceremos o Rexurdimento e a obra de Rosalía. Traballaremos a crónica, a reportaxe e a entrevista.	20	18		X	
6	A lingua a exame (3)	Abordaremos a diversidade lingüística da Península, a diglosia e os prexuízos. Traballaremos con textos expositivos, ao tempo que proseguimos ampliando vocabulario. Tamén explicaremos os adverbios, as preposicións e conxuncións e coñeceremos a obra de Pondal e Curros.	20	13			X

3.2. Distribución currículo nas unidades didácticas

UD	Título da UD	Duración
1	Eu tamén navegar: lemos e opinamos	10

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar unha exposición oral sobre os contidos do libro de lectura seleccionado con fluidez e coherencia, usando o rexistro adecuado.	TI	100
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participar activa e respectuosamente en conversas sobre as lecturas elixidas.		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar as súas producións escritas e orais dunha maneira progresivamente autónoma, aplicando con corrección as normas ortográficas e morfosintácticas.		
CA3.1 - omprender e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e con diferentes propósitos de lectura.	Comprender as ideas principais e a intención das lecturas elixidas.		
CA3.2 - Valorar criticamente o contido e a forma de textos de certa complexidade avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Valorar a forma e o contido das lecturas realizadas, axudándose de preguntas previas.		
CA3.3 - Ler de maneira autónoma textos seleccionados en función dos propios gustos, intereses e necesidades e deixar constancia do progreso do propio itinerario lector e cultural explicando os criterios de selección das lecturas, as formas de acceso á cultura literaria e a experiencia da lectura.	Seleccionar, segundo os propios gustos, libros de lectura das listas proporcionadas e lidos, explicando de xeito argumentado a súa experiencia de lectura.		
CA3.4 - Compartir a experiencia da lectura en soportes diversos relacionando o sentido da obra coa propia experiencia biográfica, lectora e cultural.	Establecer relacións entre o lido e as propias experiencias persoais.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde e a reprobación). - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...). - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.

Contidos

- Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Es-coita activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación.
- Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. A aposición.
- Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado.
- Lectura autónoma. Implicación na lectura de obras de forma progresivamente autónoma a partir dunha selección de textos variados e reflexión sobre os textos lidos e sobre a propia práctica da lectura.
- Criterios e estratexias para a selección de obras variadas que inclúan autoras e autores galegos e, en menor medida, do ámbito lusófono a partir da utilización autónoma da biblioteca escolar e pública dispoñible.
- Participación activa en actos culturais vinculados co circuíto literario e lector.
- Toma de conciencia e verbalización dos propios gustos e identidade lectora.
- Expresión da experiencia lectora utilizando progresivamente unha metalinguaxe específica. Apropiación dos textos lidos a través de distintas formas de recreación.
- Mobilización da experiencia persoal, lectora e cultural para establecer vínculos de maneira argumentada entre a obra lida e aspectos da actualidade, así como con outros textos e manifestacións artísticas e culturais.
- Estratexias para a recomendación das lecturas en soportes variados ou ben oralmente entre iguais, enmarcando de maneira básica as obras nos xéneros e subxéneros literarios.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Lectura expresiva, dramatización e recitación dos textos atendendo aos procesos de comprensión, apropiación e oralización implicados.

UD	Título da UD	Duración
2	Falando enténdese a xente: expresión oral	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.1 - Comprender e valorar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante en función das necesidades comunicativas e a intención do emisor en textos orais e multimodais de certa complexidade de diferentes ámbitos, analizando a interacción entre os diferentes códigos e avaliando a súa calidade, a súa fiabilidade e a idoneidade da canle utilizada, así como a eficacia dos procedementos comunicativos empregados.	Comprender o sentido global de textos orais de distinta tipoloxía e distinguir a información máis relevante.	TI	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.2 - Realizar exposicións orais de certa extensión e complexidade con diferente grao de planificación sobre temas de interese persoal, social e educativo, axustándose ás convencións propias dos diversos xéneros discursivos, con fluidez, coherencia e cohesión e co rexistro adecuado en diferentes soportes, utilizando de maneira eficaz recursos verbais e non verbais.	Realizar exposicións orais planificadas sobre temas de interese persoal ou académico con fluidez e coherencia e co rexistro adecuado, usando, ademais, algúns recursos non verbais.		
CA2.3 - Participar de maneira activa e adecuada en interaccións orais informais e en situacións orais formais de carácter dialogado, mantendo actitudes de escoita activa e estratexias de cooperación conversacional e de cortesía lingüística.	Participar activamente nas interaccións orais da aula, respectando e escoitando as intervencións dos demais.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Localizar e seleccionar a información de distintas fontes, contrastando a súa fiabilidade e respectando a propiedade intelectual.		
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificar os usos discriminatorios da lingua e os elementos non verbais abusivos, evitándoos nas súas producións orais.		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal como no educativo e no social.	Utilizar estratexias para resolver de xeito pacífico e dialogado os conflitos e tratar de acadar consensos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Xéneros discursivos propios do ámbito persoal: a conversación, con especial atención aos actos de fala que implican controversia co interlocutor (a discrepancia, a queixa, a orde e a reprobación). - Xéneros discursivos propios do ámbito educativo (explicación, exposición...). - Xéneros discursivos propios do ámbito social. Redes sociais e medios de comunicación. Etiqueta dixital e riscos de desinformación, noticias falsas, manipulación e vulneración da privacidade na rede. Análise da imaxe e dos elementos paratextuais dos textos icónico-verbais e multimodais. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Comprensión oral: sentido global do texto e relación entre as súas partes, selección e retención da información relevante. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e non verbal. Valoración da forma e do contido do texto. - Produción oral formal: planificación e procura de información, textualización e revisión. Adecuación á audiencia e ao tempo de exposición. Elementos non verbais. Trazos discursivos e lingüísticos da oralidade formal. - Interacción oral e escrita de carácter informal e formal: cooperación conversacional e cortesía lingüística. Escoita

Contidos

- activa, asertividade e resolución dialogada dos conflitos.
- Comprensión lectora: sentido global do texto e relación entre as súas partes. A intención do emisor. Detección de usos discriminatorios da linguaxe verbal e icónica. Valoración da forma e do contido do texto.

UD	Título da UD	Duración
3	Aprendemos, planificamos, escribimos	20

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.4 - Elaborar traballos de investigación de maneira progresivamente autónoma en diferentes soportes sobre diversos temas de interese académico, persoal ou social partindo da información seleccionada.	Elaborar pequenos traballos de investigación a partir da información seleccionada sobre temas de interese persoal, académico ou social.	TI	100
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos diversos e de complexidade media.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Planificar e redactar textos expositivos, narrativos ou informativos de acordo cunhas pautas previas para presentar un produto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.		
CA2.6 - Localizar, seleccionar e contrastar información de maneira progresivamente autónoma procedente de diferentes fontes, calibrando a súa fiabilidade e pertinencia en función dos obxectivos de lectura, adoptando un punto de vista crítico e respectando os principios de propiedade intelectual.	Localizar e seleccionar información fiable de distintas fontes con pequenas axudas puntuais, así como respectar a propiedade intelectual.		
CA2.7 - Adoptar hábitos de uso crítico, seguro, sustentable e saudable das tecnoloxías dixitais con relación á procura e á comunicación da información, reflexionando sobre as posibles manipulacións presentes nas canles de transmisión da información.	Usar as tecnoloxías dixitais con sentido crítico, intentando identificar manipulacións.		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar as súas producións escritas cada vez con máis autonomía, aplicando con corrección as normas ortográficas e morfosintácticas.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.9 - Identificar e desterrar os usos discriminatorios da lingua, os abusos a través da palabra e os usos manipuladores da linguaxe partindo da reflexión e da análise dos elementos lingüísticos, textuais e discursivos utilizados, así como dos elementos non verbais da comunicación.	Identificar os usos discriminatorios da lingua, evitándoos nas súas producións escritas.		
CA2.10 - Utilizar estratexias para a resolución dialogada dos conflitos procurando consensos, tanto no ámbito persoal como no educativo e no social.	Utilizar estratexias para resolver de xeito pacífico e dialogado os conflitos e tratar de acadar consensos.		
CA3.7 - Crear textos persoais ou colectivos con intención literaria e conciencia de estilo, en distintos soportes e coa axuda doutras linguaxes artísticas e audiovisuais, a partir da lectura de obras ou fragmentos significativos en que se empreguen as convencións formais dos diversos xéneros e estilos literarios.	Crear textos literarios que imiten un modelo previo.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Elaboración de traballos de investigación relacionados coa diversidade lingüística. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici - Alfabetización mediática e informacional: procura e selección da información con criterios de fiabilidade, calidade e pertinencia; análise, valoración, reorganización e síntese da información en esquemas propios e transformación en coñecemento; comunica - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Os signos de puntuación como mecanismo organizador do texto escrito. A súa relación co significado. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Creación de textos a partir da apropiación das convencións da linguaxe literaria e en referencia a modelos dados (imitación, transformación, continuación etc.).

UD	Título da UD	Duración
4	A lingua a exame (1)	22

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
--------------------------------	-------------------------------	-----------	----------

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	Coñecer os datos básicos sobre a formación do galego e a súa situación na Idade Media.		
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprender o sentido global e a información máis relevante de textos escritos de complexidade, trasladándoa a esquemas ou mapas conceptuais.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Elaborar esquemas ou mapas conceptuais a partir dun texto ou viceversa.		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Coñecer as normas ortográficas e morfosintácticas, aplicándoa na revisión dos seus textos, así como usar un caudal léxico cada vez máis preciso e variado.	PE	100
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explicar, de xeito guiado, algunha cantiga da lírica medieval, analizando os seu contido e a súa forma.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Comparar as cantigas con outras manifestacións artísticas.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc.).	Incorporar conectores diversos e signos de puntuación aos seus textos e evitar a repetición de palabras botando man do coñecemento das distintas relacións semánticas.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os textos aplicando o coñecemento do sistema verbal galego evitando os tempos compostos e usando correctamente o pronome átono.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA4.3 - Explicar e argumentar a interrelación entre o propósito comunicativo e as eleccións lingüísticas do emisor, así como os seus efectos no receptor, utilizando o coñecemento explícito da lingua e a metalinguaxe específica.	Realizar definicións básicas de termos atendendo ao seu contexto e á estrutura que lle corresponde segundo o tipo de palabra.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	Identificar e usar adecuadamente as distintas clases de palabras.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa. - Desenvolvemento de nocións básicas de portugués. Semellanzas e diferenzas morfolóxicas entre o galego e o portugués. Ampliación do vocabulario de uso cotián. As relacións históricas e políticas entre Galicia e Portugal. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definici - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - A expresión da subxectividade en textos de carácter expositivo. Identificación e uso das variacións das formas deícticas (fórmulas de confianza e cortesía) en relación coas situacións de comunicación. - Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto). - Uso coherente das formas verbais nos textos. Recoñecemento e utilización do infinitivo flexionado e do futuro de subxuntivo. Contextos de uso. - Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital. - Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos. - Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica. - Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias. - Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d - Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Diferenzas relevantes e interseccións entre a lingua oral e a lingua escrita atendendo a aspectos sintácticos, léxicos e pragmáticos. - Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión) - Distinción entre a forma (categoría gramatical) e a función das palabras e consolidación dos procedementos léxicos (afixos) e sintácticos para a mudanza de categoría. A coordinación. - Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo. - Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
5	A lingua a exame (2)	18

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.1 - Recoñecer e valorar, a partir da explicación sobre o desenvolvemento histórico do galego e do portugués, as semellanzas e diferenzas entre as dúas linguas, identificando e contrastando algúns dos seus trazos morfolóxicos máis salientables e ampliando o repertorio léxico básico en lingua portuguesa.	Coñecer os datos básicos sobre a situación da lingua no Rexurdimento.	PE	100
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprender o sentido global e a información máis relevante de textos xornalísticos (crónica, reportaxe, entrevista), identificando a súa estrutura e analizando algunhas das súas características.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Redactar ou completar textos xornalísticos (crónica, reportaxe, entrevista) a partir dunhas pautas previas.		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Coñecer as normas ortográficas e morfosintácticas, aplicándoa na revisión dos seus textos, así como usar un caudal léxico cada vez máis preciso e variado.		

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explicar, de xeito guiado, algún poema de Rosalía de Castro, distinguindo o contido dos elementos formais.		
CA3.6 - Establecer de maneira progresivamente autónoma vínculos argumentados entre os textos lidos e outros textos escritos, orais ou multimodais, así como con outras manifestacións artísticas e culturais en función de temas, tópicos, estruturas, linguaxe e valores éticos e estéticos, mostrando a implicación e a resposta persoal do lector na lectura.	Relacionar a obra de Rosalía con outras manifestacións artísticas e culturais e valorar o seu compromiso ético.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc.).	Incorporar conectores diversos e signos de puntuación aos seus textos e evitar a repetición de palabras botando man do coñecemento das distintas relacións semánticas.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os textos aplicando o coñecemento do pronome persoal para evitar usos incorrectos.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	Aplicar os coñecementos sobre o xénero e o número para evitar interferencias do castelán e usos erróneos.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
<ul style="list-style-type: none"> - Desenvolvemento sociohistórico da lingua galega e portuguesa. - Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación. - Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais. - Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións - Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais. - Recursos lingüísticos para adecuar o rexistro á situación de comunicación. Procedementos explicativos básicos. Aposición.

Contidos

- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Relación e comparación dos textos lidos con outros textos orais, escritos ou multimodais, con outras manifestacións artísticas e culturais e coas novas formas de ficción en función de temas, tópicos, estruturas e linguaxes. Elementos de continuidade e d
- Estratexias para interpretar obras e fragmentos literarios a partir da integración dos diferentes aspectos analizados e atendendo aos valores culturais, éticos e estéticos presentes nos textos, con especial atención ás lecturas que promovan a defensa do
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conxio)
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

UD	Título da UD	Duración
6	A lingua a exame (3)	13

Craterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA1.2 - Valorar a lingua catalá, analizando as súas características máis básicas para coñecer e comprender a realidade lingüística de España.	Coñecer a valorar a diversidade lingüística de España.		
CA1.3 - Identificar e cuestionar prexuízos e estereotipos lingüísticos, adoptando unha actitude de respecto e valoración da riqueza cultural e lingüística a partir da análise da diversidade lingüística do centro escolar e da contorna social próxima, e da exploración e reflexión sociolingüística sobre os fenómenos de contacto entre linguas.	Identificar prexuízos lingüísticos, analizalos e expoñer contraargumentos razoados.	PE	100

Criterios de avaliación	Mínimos de consecución	IA	%
CA2.4 - Comprender, valorar criticamente e interpretar o sentido global, a estrutura, a información máis relevante e a intención do emisor de textos escritos e multimodais de certa complexidade que respondan a diferentes propósitos de lectura, realizando as inferencias necesarias e avaliando a súa calidade e fiabilidade, así como a eficacia dos procedementos lingüísticos empregados.	Comprender o sentido global, a información máis relevante e a estrutura de textos expositivos de complexidade media.		
CA2.5 - Planificar a redacción de textos escritos e multimodais sinxelos, atendendo á situación comunicativa, ao destinatario, ao propósito e á canle, presentando, despois da súa revisión, un texto final coherente, cohesionado e co rexistro axeitado.	Redactar textos expositivos de complexidade media, presentando, tras a revisión, un produto final coherente, cohesionado e con rexistro formal.		
CA2.8 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e facer propostas de mellora, argumentando as mudanzas a partir da reflexión metalingüística coa metalinguaxe específica, e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Coñecer as normas ortográficas e morfosintácticas, aplicándoas na revisión dos seus textos, así como usar un caudal léxico cada vez máis preciso e variado.		
CA3.5 - Explicar a interpretación das obras lidas a partir da análise das relacións internas dos seus elementos constitutivos co sentido da obra e das relacións externas do texto co seu contexto sociohistórico, atendendo á configuración e á evolución dos xéneros e subxéneros literarios.	Explicar, de xeito guiado, algúns trazos de poemas de Curros ou Pondal a partir do coñecemento dos elementos básicos da súa obra.		
CA4.1 - Incorporar procedementos básicos para enriquecer os textos, atendendo a aspectos discursivos, lingüísticos e de estilo, con precisión léxica e corrección ortográfica e gramatical, valorando o dominio do sistema fonético-fonolóxico, o uso do léxico tradicional e as construcións morfosintácticas máis xenuínas (infinitivo persoal, dativo de solidariedade etc.).	Incorporar conectores diversos e signos de puntuación aos seus textos e evitar a repetición de palabras botando man do coñecemento das distintas relacións semánticas.		
CA4.2 - Revisar os textos propios de maneira progresivamente autónoma e identificar e aclarar algúns problemas de comprensión lectora utilizando os coñecementos explícitos sobre a lingua e o seu uso.	Revisar os textos aplicando con rigor os adverbios e usando diversas preposicións e conxuncións para mellorar a cohesión, evitando tamén interferencias co castelán.		
CA4.4 - Formular xeneralizacións sobre algúns aspectos do funcionamento da lingua a partir da observación, a comparación e a transformación de enunciados, así como da formulación de hipóteses e a procura de contraexemplos, utilizando a metalinguaxe específica e consultando de maneira progresivamente autónoma dicionarios, manuais e gramáticas en distintos formatos.	Identificar algúns adverbios, preposicións e conxuncións, distinguindo estas clases de palabras das demais polo seu carácter invariable.		

Lenda: IA: Instrumento de Avaliación, %: Peso orientativo; PE: Proba escrita, TI: Táboa de indicadores

Contidos
- Análise da propia biografía e da diversidade lingüística do alumnado do centro e da localidade.

Contidos

- Valoración e comprensión das principais características do catalán e das súas variantes.
- Desenvolvemento da reflexión sociolingüística. Exploración e rexeitamento de prexuízos e estereotipos lingüísticos. Os fenómenos do contacto entre linguas: bilingüismo, diglosia, préstamos e interferencias.
- Xéneros discursivos desde o punto de vista da produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Secuencias textuais básicas, con especial atención ás expositivas.
- Propiedades textuais: coherencia, cohesión e adecuación.
- Procesos de produción, comprensión e análise crítica de textos orais, escritos e multimodais.
- Produción escrita: planificación, textualización, revisión e edición en diferentes soportes. Corrección gramatical e ortográfica. Propiedade léxica. Usos da escritura para a organización do pensamento: toma de notas, esquemas, mapas conceptuais, definicións
- Recoñecemento e uso discursivo dos elementos lingüísticos en textos orais, escritos e multimodais.
- Mecanismos de cohesión. Conectores textuais distributivos, de orde, contraste, explicación. Mecanismos de referencia interna, gramaticais e léxicos (nominalizacións e hiperónimos de significado abstracto).
- Corrección lingüística e revisión ortográfica e gramatical dos textos. Uso de dicionarios, de manuais de consulta e de procesadores de texto e correctores ortográficos en soporte analóxico ou dixital.
- Lectura guiada. Lectura de obras e fragmentos relevantes da literatura do patrimonio literario galego e mostras do lusófono inscritas en itinerarios temáticos ou de xénero, que atravesan épocas, contextos culturais e movementos artísticos.
- Estratexias de construción compartida da interpretación das obras a través de conversas literarias, coa incorporación progresiva da metalinguaxe específica.
- Estratexias de utilización de información sociohistórica, cultural e artística básica para construír a interpretación das obras literarias.
- Elaboración de conclusións propias sobre o funcionamento do sistema lingüístico cunha linguaxe específica a partir da observación, comparación e clasificación de unidades comunicativas e do contraste entre linguas.
- Recoñecemento da lingua como sistema e das súas unidades básicas tendo en conta os diferentes niveis: o son e sistema de escritura, as palabras (forma e significado) e a súa organización no discurso (orde das palabras, compoñentes das oracións ou conexión)
- Relación entre os esquemas semántico e sintáctico das oracións coordinadas. Observación e transformación de enunciados de acordo con estes esquemas e uso da terminoloxía sintáctica necesaria.
- Procedementos de adquisición e formación de palabras. Reflexión sobre as mudanzas no seu significado, as relacións semánticas entre palabras e os seus valores denotativos e connotativos en función do contexto e do propósito comunicativo.
- Estratexias de uso progresivamente autónomo de dicionarios e manuais de gramáticas, en formato físico ou electrónico, para obter información gramatical básica.

4.1. Concrecións metodolóxicas

As materias lingüísticas, en xeral, contribúen de forma importante ao desenvolvemento e aprendizaxe do currículo por canto que son instrumentos de comunicación, soporte básico do coñecemento, vehículo para as relacións sociais e para a expresión emocional. Neste sentido, para desenvolver o currículo da materia de Lingua galega e literatura, establecemos as seguintes estratexias e secuencias metodolóxicas:

- actividades que permitan coñecer as ideas e coñecementos previos do alumnado sobre os contidos que se van traballar.
- exposición motivadora por parte do profesorado ou do alumnado, explicando os obxectivos que perseguimos.
- lectura/escoita/visionado de textos e actividades de comprensión de distinta tipoloxía
- exposición por parte do profesorado dos conceptos máis novidosos e complexos; procurarase que sexa o máis breve

posible, que empregue distintos soportes e que a interacción co alumnado sexa unha constante.

- traballo práctico individual e corrección por parte do profesorado, ben individualmente, ben colectivamente
- traballo práctico cooperativo (exposicións orais sobre un tema do currículo ou outros traballos escritos); potenciarase este modelo de tarefa para fomentar a aprendizaxe activa e o traballo colaborativo
- procuraremos ir introducindo progresivamente a autoavaliación e a coavaliación en tarefas concretas; as rúbricas e as escalas de valoración servirannos así mesmo para propiciar a reflexión do alumnado sobre o seu propio proceso de aprendizaxe.

Os tres piares básicos nos que se baseará a nosa práctica docente serán a lectura, as producións orais e escritas e a educación informacional e dixital. Ademais das actividades de lectura vinculadas aos contidos incluídos na programación, cremos que hai que dedicar a este apartado esforzos específicos, encamiñados non só á superación das deficiencias que poida presentar o alumnado, senón sobre todo á estimulación do hábito de lectura. Para este fin incluímos na programación lecturas obrigatorias cada trimestre de diferentes temáticas e niveis de lectura (coa posibilidade de escolla por parte do alumnado) así como a posibilidade de lecturas voluntarias.

A lingua de uso na aula para esta materia será sempre o galego. Por tanto, todas as interaccións do alumnado entre si e coa profesora deberán producirse sempre nesta lingua. Dado que boa parte do alumnado presenta dificultades para expresarse en galego con fluidez, planificamos un "espazo de adestramento" semanal no emprego da lingua que denominamos "Hoxe falo eu". Estas prácticas, que serán coavaliadas polo conxunto da aula, deberían servir para mellorar a súa competencia oral activa. Tamén lles achegaremos exemplos de usos de testemuñas vivas en distintos rexistros e variedades da lingua oral, tanto de xente da súa idade como doutras xeracións, que lles poidan servir como referentes.

No tocante ás producións escritas a nosa tarefa ha de buscar, por unha banda, a corrección de aspectos tales como a ortografía, a puntuación, a construción oracional ou a coherencia textual. É importante facer unha corrección constante e sistemática deste tipo de aspectos e transmitirle ao alumnado que sempre se terán en conta. Insistirase na importancia que ten na elaboración de textos escritos a planificación e fomentarase o uso de borradores e esquemas previos á redacción definitiva como paso imprescindible para a produción de textos escritos. Porén, a nosa tarefa non se pode limitar a isto, senón que hai que desenvolver a competencia do alumno na composición de textos de diversas intencións, funcións e xéneros, así como a súa capacidade para realizarse plenamente como persoa mediante a expresión das súas inquedanzas e opinións, dentro dun marco de respecto e estímulo á creatividade persoal. Para lograr isto hai que propor actividades e exercicios relacionados estreitamente coa vida cotiá, os intereses, esixencias e experiencias do alumnado, dándolle deste xeito ó seu traballo un carácter funcional e deixando claro que a expresión escrita non só é un exercicio académico, senón que constitúe unha oportunidade para construír a personalidade individual e social.

En canto á procura e tratamento da información, buscaremos principalmente que o alumnado aprenda a distinguir fontes fiables das que non o son, insistindo no contraste entre elas e no respecto pola propiedade intelectual. Neste sentido non serán recollidos nin avaliados traballos que constitúan un evidente "corta e pega" e que presenten un nivel de contidos ou de lingua que non se corresponde coa etapa madurativa do alumnado nin coas súas destrezas lingüísticas. Neste nivel espérase que o alumnado acade xa bastante autonomía no manexo de distintas fontes e con ese obxectivo traballaremos.

4.2. Materiais e recursos didácticos

Denominación
Materiais seleccionados da plataforma E-dixgal e de elaboración propia

Dado que a materia se imparte a través da plataforma E-dixgal, iremos seleccionando os contidos máis acaídos das tres editoriais dispoñibles: Netex, Planeta e Edebé. A maiores, incluiremos outros de elaboración propia (ben estáticos, ben interactivos) ou extraídos da rede: Portal das palabras, Dicionario castelán-galego de Rinoceronte Editora, conxugador verbal Cotovía, xornais dixitais (Praza, Nós Diario, Galicia Confidencial...), así como outros materiais audiovisuais diversos (canle Digocho eu, fragmentos de documentais, telexornais, fotografías, cancións, podcast, vídeos musicais...) ou materiais de carácter educativo (presentacións dixitais, kahoots, xogos de palabras...)

5.1. Procedemento para a avaliación inicial

A avaliación inicial, cuxo fin é diagnosticar e valorar o nivel de coñecementos previos do alumnado, efectuarase nas primeiras sesións do curso. Será, xunto coa información obtida a través do Departamento de Orientación e da consulta do expediente académico do alumnado no XADE, unha ferramenta esencial para que o profesorado poida coñecer o nivel académico do alumnado nas distintas competencias, co fin de poder adaptar o seu proceso de ensinanza e a súa proposta didáctica. Alén diso, a avaliación inicial constitúe un factor preventivo esencial na atención á diversidade, especialmente cando se trata de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo. Os resultados da avaliación inicial servirán como referente para adoptar as decisións de tipo educativo que correspondan e, nos casos en que for necesario, para demandar da xefatura do Departamento de Orientación a realización dunha avaliación psicopedagóxica.

Consistirá en dúas probas. A primeira partirá dun texto escrito sobre o que se proporán distintas actividades relacionadas coa súa comprensión, os coñecementos gramaticais e léxicos básicos e unha pregunta de produción textual propia. A segunda pretende observar a expresión oral do alumnado, para o que se lle pedirá ao alumnado que fale dalgún tema do seu interese persoal.

En funcións dos resultados obtidos, adoptaranse as seguintes medidas:

- actividades de grupo que favorezan a colaboración e melloren ou optimicen o clima da aula.
- titorización entre iguais
- reforzo de contidos curriculares variando tanto as metodoloxías como as actividades: traballos en grupo, procura de información, elaboración de murais...
- asignar tarefas específicas e flexibilizar os tempos (dúas medidas máis doadas de aplicar no día a día ao traballar coa plataforma E-dixgal, que facilita distintos ritmos e niveis de aprendizaxe), ademais de ter en conta as características de cada alumno/a para os traballos colaborativos.
- recibir clases de apoio fóra da aula (se así se decidise na reunión da avaliación inicial do grupo e fose viable).

5.2. Criterios de cualificación e recuperación

Pesos dos instrumentos de avaliación por UD:

Unidade didáctica	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6	Total
Peso UD/ Tipo Ins.	10	15	15	20	20	20	100
Proba escrita	0	0	0	100	100	100	60
Táboa de indicadores	100	100	100	0	0	0	40

Criterios de cualificación:

Os criterios de cualificación por cada avaliación serán os seguintes:

- Lectura 10%: lectura dun libro obrigatorio por avaliación e realización das tarefas orais e/ou escritas propostas. Tamén se poden efectuar lecturas voluntarias.

- Producións orais 15%.Subdivídese en dous apartados:

- -“Hoxe falo eu”: breves prácticas de expresión oral espontánea ou semiplanificada na aula: 5%
- -Expresión oral planificada, que sen concretará en tarefas de distinta tipoloxía avaliadas mediante rúbricas ou escalas de valoración: 10%

- Producións escritas 15%: valórase o traballo escrito da aula e da casa e o que se recolla para puntuar especificamente.

- Exame 60%. Realizarase un por avaliación, que se poderá dividir en dúas partes se a extensión ou a dificultade do explicado así o aconsella.

Os traballos serán avaliados mediante rúbricas ou escalas de valoración que se lle darán a coñecer ao alumnado antes da súa realización. En todos os exames figurará a puntuación de cada pregunta.

Lectura voluntaria: poderase ler un libro voluntario por trimestre, que suma ata 0,4 puntos na nota da avaliación; avalíase cunha proba oral segundo esta escala:

- Demostra que leu o libro (completo) e comprendeu o contido. É quen de opinar, establecer relacións e reflexionar sobre o lido: 0.25 puntos
- Fala de xeito correcto, claro e fluído: 0.15 puntos

A nota final de cada avaliación será a suma dos apartados anteriores debidamente ponderados (á que se lle sumará á da lectura voluntaria, cando proceda) e expresarase cunha nota numérica que irá do 1 ao 10. Considerarase superada a avaliación cando se acade unha cualificación mínima de 4,5 puntos sen redondeo.

A nota final do curso calcularase mediante a media aritmética das tres avaliacións sen redondeo. Considerarase que aprobou a materia o alumnado que obteña unha nota media de 4,5 puntos ou superior.

Das cualificacións dos traballos escritos e mais dos exames restarase ata 1 punto por erros ortográficos, morfosintácticos ou léxicos; os erros moi graves (uso inadecuado de maiúsculas, pronomes mal colocados, emprego de tempos compostos, palabras mal copiadas ou emprego de j e y) descontarán 0.1 cada unha e o resto 0.05 cada erro. As faltas repetidas, isto é, aquelas nas que haxa coincidencia exacta, só se computan unha vez. Tamén se poderá descontar ata 0,5 puntos por deficiencias na presentación dos escritos (ausencia de marxes, caligrafía ilexible ou abundancia de borrachos ou riscos).

Empregar métodos fraudulentos na realización de probas ou traballos, permitir que outros copien o seu traballo, participar en calquera actividade ou estratexia para mellorar resultados (copiar literalmente ou parafrasear unha fonte bibliográfica, por exemplo) implicará unha cualificación de cero puntos nesa proba/pregunta ou traballo.

O alumnado que non se presente a algunha das probas programadas poderá realizala noutra data sempre e cando a ausencia estea debidamente xustificada.

Criterios de recuperación:

O alumnado que teña unha avaliación suspensa realizará a recuperación ao inicio do seguinte trimestre para a 1ª e 2ª e antes da avaliación final no caso da 3ª.

Efectuaranse dous tipos de probas de recuperación (realizaranse as dúas ou só unha delas segundo o que estea suspenso): unha proba oral para a parte do libro de lectura e outra escrita que incluírá tanto os contidos das probas escritas ordinarias coma o traballo de comprensión e produción escritas. A nota da avaliación que haxa que recuperar obterase, segundo os casos, do seguinte xeito: 15% da lectura (mantense a nota obtida na avaliación no caso de que estea aprobada)+ 85% da proba escrita de recuperación.

A nota final calcularase mediante a media aritmética das tres avaliacións (sen redondeo), pero incorporando cando proceda as cualificacións da/s avaliación/s recuperadas. Considerarase que se superou a materia cando se obteña unha nota igual ou superior a 4,5 puntos.

5.3. Procedemento de seguimento, recuperación e avaliación das materias pendentes

Neste curso hai 5 alumnos en 4º de ESO que teñen pendente a materia de 3º de ESO. Para a preparación da recuperación habilitarase un curso específico en E-dixgal e xa se matriculará nel directamente o alumnado implicado. Cando as actividades que se propoñan requiran correccións ou aclaracións, poderán solicitarllas ao profesor de Lingua galega do seu curso ou á Xefa de departamento, pero sempre con suficiente antelación ao día das probas para que se poidan devolver corrixidas ou resolver as dúbidas que existan.

Realizaranse dúas probas parciais nas datas establecidas pola Xefa de estudos. No propio curso de E-dixgal estarán especificados tanto os contidos que entran en cada proba como as datas nas que se van realizar. O alumnado que falte a algunha desas probas deberá xustificar debidamente a súa ausencia para poder efectualas noutra data.

A cualificación final obterase mediante a media aritmética das dúas probas e considerarase superada a materia se esta media é de 4,5 puntos ou superior. O alumnado que non acade esta nota media mínima de 4,5 puntos deberá realizar un exame final de toda a materia na data establecida pola Xefa de estudos.

6. Medidas de atención á diversidade

A atención á diversidade debe ser, dentro do humanamente posible, un elemento fundamental da práctica docente diaria. Dado que non todo o alumnado ten o mesmo ritmo de aprendizaxe, a profesora tratará de prestarlle unha atención o máis individualizada posible para detectar e solventar as carencias existentes. Unha vez fixados os obxectivos básicos, procurará:

- Adaptar o material didáctico.
- Variar a metodoloxía segundo as necesidades de cada alumno e alumna.
- Propor actividades de aprendizaxe diferenciadas.
- Organizar grupos de traballo flexibles.
- Ampliar ou reducir bloques de contidos segundo o interese e as competencias do alumnado.

Neste curso temos varios alumnos/as con TDAH, TEA e dislexia, aos cales se lles aplicarán as medidas que establecen os seus correspondentes protocolos, particularmente no referido á atención e colocación na aula así como ao tempo e formato das diferentes probas. Para o alumnado con dislexia, seguiremos aplicando as pautas aprobadas polo departamento no curso pasado para a corrección de probas escritas, dado que funcionaron satisfactoriamente.

7.1. Concreción dos elementos transversais

	UD 1	UD 2	UD 3	UD 4	UD 5	UD 6
ET.1 - Comprensión lectora	X	X	X	X	X	X
ET.2 - Expresión oral e escrita	X	X	X	X	X	X
ET.3 - A comunicación audiovisual		X				
ET.4 - A competencia dixital		X	X	X	X	X
ET.5 - O emprendemento social e empresarial		X	X			
ET.6 - O fomento do espírito crítico e científico	X		X			
ET.7 - A educación emocional e en valores	X			X	X	X
ET.8 - A igualdade de xénero	X	X	X	X	X	X
ET.9 - A creatividade	X	X	X			
ET.10 - Prevención e resolución pacífica de conflitos	X	X				
ET.11 - Pluralidade	X	X				

7.2. Actividades complementarias

Actividade	Descrición	1º trim.	2º trim.	3º trim.
Visitas artístico-literarias	Asistencia a charlas, obradoiros ou exposicións relacionados co currículo.	X	X	X

Observacións:

As actividades realizaranse en función do orzamento e da programación xeral das ACE do centro.

8.1. Procedemento para avaliar o proceso do ensino e a practica docente cos seus indicadores de logro

Indicadores de logro
Adecuación da programación didáctica e da súa propia planificación ao longo do curso académico
O alumnado foi informado detalladamente dos criterios e instrumentos de avaliación e cualificación.
Existiu un seguimento continuo da programación didáctica ao longo do curso e realizáronse as modificacións e adaptacións necesarias.
Conseguíuse seguir a temporalización prevista das unidades didácticas e das distintas actividades.
Mantívose a coherencia entre obxectivos, contidos, criterios de avaliación e mínimos de consecución.
Metodoloxía empregada
Os procedementos e instrumentos de avaliación utilizados foron adecuados
As explicacións foron claras e amenas e as exemplificacións sinxelas e comprensibles.
Empregouse unha metodoloxía precisa e variada, con uso de materiais diversos.
Potenciouse a participación, o diálogo e a reflexión dentro da aula.
Organización xeral da aula e o aproveitamento dos recursos
O profesorado mantívose actualizado tanto no que se refire a aspectos didácticos xerais e específicos da materia como no ámbito das tecnoloxías.
Os recursos didácticos cos que contou o profesorado foron adecuados e suficientes.
Medidas de atención á diversidade
Atendeuse adecuadamente a diversidade do alumnado e aplicáronse os protocolos correspondentes
Propuxéronse e concretáronse actividades de seguimento para atender a diversidade do alumnado: NEAE, repetidores/as...

Clima de traballo na aula
Propiciouse un ambiente motivador na aula.
Respectouse o alumnado e demostrouse sensibilidade ante os seus problemas e as súas diferenzas tanto culturais como de procedencia.
Consegiouse un ambiente propicio para a aprendizaxe, sen condutas disruptivas.
Coordinación co resto do equipo docente e coas familias ou as persoas titoras legais
Mantívose contacto regular coas familias e foron informadas cando o solicitaron.
Traballouse en coordinación co resto do equipo docente.

Descrición:

Cada un dos ítems anteriores será valorado numericamente e os seus resultados reflectiránse na memoria final, de cara a corrixir as deficiencias que se detecten para o vindeiro curso.

8.2. Procedemento de seguimento, avaliación e propostas de mellora

Ao comezo do curso o profesorado informará ao alumnado sobre os instrumentos, procedementos e criterios de cualificación, que tamén se farán públicos a través da web do centro, onde estarán accesibles para a súa consulta durante o curso académico.

O seguimento da programación realizarase a través da aplicación PROENS e tamén se deixará constancia dos aspectos máis relevantes nas actas do departamento. Os acordos e/ou recomendacións da Comisión de Coordinación Pedagóxica que lle poidan afectar a algún aspecto da programación tamén serán tidos en conta para realizar as modificacións oportunas.

Para comprobar a aplicación adecuada da PD elaboráronse os indicadores de logro que se enumeran a continuación:

1. Consegiuse acadar o grao de cumprimento dos obxectivos didácticos propostos, co correspondente desenvolvemento das competencias clave.
2. A secuenciación das UD propostas foi a axeitada, así como o número delas e a súa distribución cronolóxica.
3. As concrecións metodolóxicas e os materiais e recursos didácticos utilizados axustáronse aos fins perseguidos.
4. Os criterios de avaliación foron ben aplicados.
5. Os instrumentos de avaliación foron os adecuados.
6. Os mínimos de consecución para cada criterio de avaliación estiveron ben establecidos.
7. Atendeuse debidamente a diversidade do alumnado (seguindo os correspondentes protocolos de actuación).
8. Atendéronse suficientemente os contidos transversais e as actividades complementarias.
9. A materia contribuíu aos distintos Plans do centro: proxecto lingüístico, proxecto lector, TIC, Convivencia....
10. Realizouse un seguimento regular da PD por parte do departamento.
11. Avaliouse a PD aplicando unha escala de 1 a 5 a respecto do seu cumprimento.
12. Establecéronse propostas de mellora das deficiencias observadas na aplicación da PD.

Na memoria de final do curso especificáronse as propostas de mellora que se establezan de cara ao próximo curso.

9. Outros apartados